

Os premiados co Rosalía de Castro da Lingua ratifican seu compromiso co galego

UXÍA LÓPEZ PADRÓN / LA VOZ

A horta da Casa de Rosalía, en Padrón, acolleu onte a entrega dos premios da lingua que levan o nome da escritora e que convoca a Deputación da Coruña para recoñecer cada ano o labor na promoción e dignificación social do patrimonio lingüístico de Galicia, tanto no ámbito da provincia como no autonómico. A escritora María Canosa, no apartado de persoas; a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), no de entidades, e o proxecto Brazolinda, para iniciativas de dinamización para a poboación de menor idade, foron os premiados.

Aos tres úneos «o compro-



María Canosa, recollendo o seu galardón. PACO RODRÍGUEZ

miso firme co galego e coa calidade lingüística», segundo enxalzou a deputada de Normalización Lingüística, María Muíños, quen falou ademais de que os tres teñen poder para achegar o galego á xente.

Para María Canosa, cele-

brar un premio da lingua e máis co nome de Rosalía e na súa casa «é moi fermoso», dixo para recordar como a criaron a ela en galego e que ela fai o mesmo coas súas fillas. «Ter unha lingua propia é un tesouro», incidiu ao tempo

que animou a falar en galego: «Canto máis se usa, menos se gasta», proclamou. Pola súa banda o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, destacou a importancia da figura de Rosalía, autora do relato fundador do pobo galego, dixo, de xeito que a súa agrupación ten a vontade de seguir a estrela que a escritora levou sempre na fronte. Sánchez desexou que a mocidade asuma o pensamento da autora. Para rematar, Irimia Fernández, creadora de xogos en galego de Brazolinda, apostou por, a través do seu ámbito de acción, poñer «a sementiña do galego en nenos e adultos porque a colleita merece a pena», razoou.